

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS

I DISPOSICIÓNS COMÚNS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO

Será obxecto do presente contrato a subscrición por parte do Concello de Ames das pólizas de seguro de Accidentes Colectivos, conforme as condicións que se especifican no presente Prego, as cales teñen a consideración de coberturas mínimas.

Seguro Colectivo de Accidentes para o persoal laboral e funcionario do Concello

Obxecto específico do seguro: Pago de indemnizacións cando os asegurados sufran accidentes corporais, tanto no exercicio da súa profesión mais riesgo in-itinere que teña como consecuencia a morte ou invalidez permanente, esta última segundo o alcance e cualificación a detallar polos licitadores na súa oferta.

Seguro Colectivo para Accidentes para Alcalde e Concelleiros/as

Obxecto específico do seguro: Pago de indemnizacións cando os asegurados sufran accidentes corporais, tanto no exercicio da súa profesión/actividade do Concello mais riesgo in-itinere que teña como consecuencia a morte ou invalidez permanente, esta última segundo o alcance e cualificación a detallar polos licitadores na súa oferta.

Seguro Colectivo de Accidentes de Convenio para os empregados/as de Centros de Asistencia e Educación Infantil

Obxecto específico do seguro: Pago de indemnizacións cando os asegurados sufran accidentes corporais, no exercicio da súa profesión mais riesgo in-itinere que teñan como consecuencia a morte ou invalidez permanente.

Seguro Colectivo de Accidentes para os nenos/as de escolas infantís de titularidade municipal

Obxecto específico do seguro: Pago de indemnizacións cando os asegurados sufran accidentes corporais, durante as actividades que realicen nas instalacións das Garderías mais riesgo in-itinere, que teñan como consecuencia a morte ou invalidez permanente.

Seguro Colectivo de Accidentes Voluntarios que presten o servizo no Concello de Ames

Obxecto específico do seguro: Pago de indemnizacións que teñan como consecuencia a morte ou invalidez permanente cando os asegurados sufran accidentes corporais, durante as actividades mais riesgo in-itinere que se realicen como consecuencia da súa labor de voluntariado municipal.

SEGUNDO.- ASEGURADOS

Seguro Colectivo de Accidentes para o persoal laboral e funcionario do Concello

Colectivo asegurado: 196 (excluídos los 44 empregados de Centros E. Infantil)

- * Persoal funcionario.
- * Persoal laboral fixo.
- * Persoal laboral temporal.
- * Persoal eventual

Seguro Colectivo de Accidentes para o Alcalde e Concelleiros

21 concelleiros/as (incluído Alcalde).

Seguro Colectivo de Accidentes de Convenio para os empregados de Centros de Asistencia e Educación Infantil de titularidade municipal

44 empregados

Seguro Colectivo de Accidentes para os nenos de escolas infantis de titularidade municipal

220 alumnos/as aproximadamente

Seguro Colectivo de Accidentes para Voluntarios/as

50 voluntarios/as (innominados)

TERCEIRA.- OBXECTO DOS SEGUROS

É garantir o pago dos capitais e coberturas asegurados que percibirían os asegurados e ou os seus beneficiarios/as nos casos de falecemento e Invalidez por accidente.

Definición de Accidente: Accidente é toda lesión corporal sufrida polo asegurado/a independentemente da súa vontade e debido a unha causa fortuíta, instantánea, externa e violenta e que lle produza algunha das seguintes consecuencias: morte ou invalidez permanente. Tamén terán a consideración de accidente a efectos do seguro:

1. A asfixia ou lesións internas a consecuencia de gases ou vapores, inmersión ou sumersión, ou por inxestión de materias líquidas ou sólidas.
2. As infeccións derivadas dun accidente cuberto pola póliza.
3. As lesións que sexan consecuencia de intervencións cirúrxicas ou tratamentos médicos motivados por un accidente cuberto pola póliza.
4. As lesións sufridas a consecuencia de lexítima defensa.

Quedan excluídos de todas-las coberturas e garantías da póliza, ademais das limitacións específicas para cada unha delas, os seguintes supostos:

- a) Provocación intencionada do sinistro por parte do asegurado.
- b) Conflitos armados (teñan mediado ou non declaración oficial de guerra)
- c) Motíns e tumultos populares.
- d) Reacción ou radiación nuclear ou contaminación radioactiva.
- e) Inundacións que teñan carácter de extraordinarias ou catastróficas, huracans, tempestades, movementos sísmicos e, en xeral, os feitos que en virtude da súa magnitude e gravidade sexan cualificados de catastróficos pola autoridade competente.

CUARTA.- RISCOS CUBERTOS

Morte Por Accidente: por esta cobertura garantirase o pago ao beneficiario do capital estipulado no suposto de que o asegurado faleza a causa dun accidente.

Así mesmo, facemos constar que quedaría incluído o falecemento por infarto de miocardio derivado de accidente laboral, sempre e cando fora recoñecido pola autoridade competente na materia.

Invalidez Permanente Por Accidente: por esta cobertura garantirase o pago do capital estipulado no suposto de que o asegurado resulte afectado por algunha invalidez permanente a causa dun accidente, quedando incluídas nas garantías das pólizas os seguintes grados de invalidez, non sendo acumulativos entre sí os capitais asegurados:

- **Invalidez Permanente Total Por Accidente:** por esta cobertura garantirase o pago do capital estipulado no suposto de que o asegurado resulte afectado por unha invalidez total a causa dun accidente de traballo que lle imposibilite

para o desenvolvemento da súa actividade habitual.

- Invalidez Permanente Absoluta E Gran Invalidez Por Accidente: por esta cobertura garantirase o pago do capital estipulado no suposto de que o asegurado resulte afectado por unha invalidez absoluta ou gran invalidez a causa de un accidente de traballo que lle imposibilite para o desenvolvemento de calquera actividade laboral.
- Invalidez Permanente Parcial Por Accidente: Se como consecuencia de un accidente cuberto pola póliza resultase unha invalidez permanente parcial do Asegurado, entendida como a perda anatómica ou impotencia funcional permanente e irreversible de membros ou órganos, o importe das indemnizacións a satisfacer pola Entidade Aseguradora será o resultado de aplicar á suma asegurada estipulada para caso de Invalidez Permanente Absoluta, os porcentaxes establecidos.

ASISTENCIA SANITARIA: Estarán cubertos por esta garantía os gastos médicos, hospitalarios e farmacéuticos que se produzan ata o total restablecemento do asegurado e **por un prazo máximo de indemnización de 365 días a partir do accidente.**

Cando a asistencia sexa prestada por médicos e establecementos de libre elección poderase establecer un límite. En calquera caso, as condicións acordadas no contrato non poderán excluír a necesaria asistencia de carácter urxente prevista no art. 103 da Lei de Contrato de Seguro.

“Accidente in itinere” será o accidente ocorrido ao asegurado durante o desprazamento dende o seu domicilio habitual ata o seu lugar de traballo e/ou actividade obxecto do seguro, e viceversa, a condición de que o asegurado non interrompese o traxecto por causas alleas ao traballo ou actividade.

QUINTA.- EXTENSIÓN E ÁMBITO DA COBERTURA

a) Seguro Colectivo de Accidentes para o persoal laboral e funcionario do Concello

Indemnizaranse os accidentes que poidan sufrir os asegurados durante as 24 horas do día, no exercicio da súa profesión e/ou durante a súa actividade laboral ao servizo do Concello, incluído accidente in itinere

b) Seguro Colectivo de Accidentes para o Alcalde e Concelleiros

Indemnizaranse os accidentes que poidan sufrir os asegurados durante as 24 horas do día durante a súa actividade ao servizo do Concello, incluído accidente in itinere.

c) Seguro Colectivo de Accidentes para os empregados de Centros de Asistencia e Educación Infantil de titularidade municipal

Indemnizaranse os accidentes que poidan sufrir os asegurados no exercicio da súa profesión e/ou actividade ao servizo do Concello, incluído accidente in itinere

d) Seguro Colectivo de Accidentes para os nenos de escolas de educación infantil de titularidade municipal

O ámbito da cobertura queda limitado ás instalacións onde se practiquen ou se celebren as actividades da escola infantil de titularidade municipal, incluído accidente in itinere.

e) Seguro Colectivo de Accidentes para Voluntarios

Indemnizaranse os accidentes que poidan sufrir os asegurados durante as 24 horas do día durante a súa actividade ao servizo do Concello, incluído accidente in itinere.

SEXTA.- COBERTURAS E CAPITAIS ASEGURADOS

a) Seguro Colectivo de Accidentes para o persoal laboral e funcionario do Concello e Alcalde e Concelleiros

Falecemento por accidente laboral	39.000.-euros
Inv. Perm. Absoluta por accidente laboral	39.000.-euros
Inv. Perm. Total por accidente laboral	39.000.-euros
Inv. Perm. Parcial por accidente hasta laboral	39.000.-euros
Asistencia médica en centros de libre elección	Limitada hasta 1.500.- euros

b) Seguro Colectivo de Accidentes de Convenio os empregados de Centros de Asistencia e Educación Infantil (BOE 136 de 07/06/2007). Código Convenio 9905615

Falecemento por accidente laboral	18.030,36.-euros
Inv. Perm. Parcial por accidente laboral en base a baremo ata	24.040,48.-euros
Inv. Perm. Total por accidente laboral	24.040,48.-euros
Inv. Perm. Absoluta por accidente laboral	24.040,48.-euros
Gran Invalidez por accidente laboral	24.040,48.-euros

Seguro Complementario Accidentes Personal Centros de Asistencia e Educación Infantil (Aumento de límites para asimilarlos ao resto de funcionarios).

Falecemento por accidente laboral	20.969,64.-euros
Inv. Perm. Absoluta por accidente laboral	14.959,52.-euros
Inv. Perm. Total por accidente laboral	14.959,52.-euros
Inv. Perm. Parcial por accidente laboral ata	14.959,52-euros
Asistencia médica en centros de libre elección	Limitada hasta 1.500.- euros

c) Seguro Colectivo de Accidentes para os nenos de escolas infantís de titularidade municipal e Voluntarios

Actos de sepelio por accidente laboral/actividades	3.000.-euros
Invalidez permanente por accidente laboral/actividades (incluídas parciais en base a baremo)	6.000.-euros
Asistencia médica por accidente laboral/actividades en centros de libre elección	Limitada hasta 1.500.-euros
Asistencia médica por accidente laboral/actividades en centros concertados	Ilimitada

Os capitais asegurados polas garantías de Invalidez anteriormente indicadas, en ningún caso, poderán ser acumulativos.

Se despois dunha Invalidez Permanente se produxera a morte do asegurado a consecuencia do mesmo Accidente, a indemnización pagada por dita Invalidez considerarase a conta da Suma Asegurada para Morte.

SETIMA.- VARIACIÓNS RELACIONADAS COA COMPOSICIÓ DO GRUPO ASEGURADO

As variacións que se produzan despois de formalizadas as pólizas, serán comunicadas polo Concello de Ames ao adxudicatario ao finalizar a anualidade de seguro.

A regularización da prima, correspondente as altas e baixas de asegurados, así como de calquera outra variación que puidera existir, efectuarase ó finalizar a anualidade de seguro.

En caso de sinistro, e ademais dos documentos que para a súa tramitación se requiran, para a acreditación da condición da persoa siniestrada como Asegurado por estas pólizas, será necesaria a certificación polo Tomador de que o Asegurado pertence ó Colectivo asegurado.

OITAVA.- PRIMA

A prima pola totalidade da duración do contrato e na que estará integrada o custo dos seguros incluíndo impostos, recargos e gravames será dun importe máximo de **36.000,00 euros**

NOVENA.- RISCOS EXTRAORDINARIOS

Indemnizaranse polo Consorcio de Compensación de Seguros os sinistros de carácter extraordinario de conformidade co establecido no Estatuto Legal do Consorcio, aprobado pola Lei 21/1990, de 19 de decembro e modificado no texto refundido, aprobado por Real Decreto Legislativo 7/2004, de 29 de outubro.

O Consorcio de Compensación de Seguros axustará a súa actuación ó disposto no mencionado Estatuto Legal (modificado pola Lei 30/1995, de 8 de novembro, de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados, pola Lei 44/2002, de 22 de novembro, de Medidas de Reforma do Sistema Financeiro e pola Lei 34/2003, de 4 de novembro de modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados), na Lei 50/1980, de 8 de outubro, de Contrato de Seguro, no Real Decreto 300/2004, de 20 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento do Seguro de Riscos Extraordinarios, e disposicións complementarias.

DECIMA.-MELLORAS

Os licitadores, no suposto que presenten melloras sobre as garantías exixidas neste prego, deberán detalladas en folia anexa.

DECIMO PRIMEIRA.- EFECTOS DOS SEGUROS:

Ás 00:00 horas do 1 de outubro de 2015.

Persoal Laboral e Funcionario

Concelleiros/as

Empregados dos centros de Asistencia e Educación Infantil de titularidade municipal

Alumnos escolas infantís de titularidade municipal

Voluntarios/as

DECIMO SEGUNDA.- INFORMACIÓN SOBRE O RISCO.

O asegurador reconece ter recibido toda a información sobre o risco de forma tal que lle permitiu apreciar o alcance e natureza do mesmo que asume, e en consecuencia, renuncia ao dereito a prevalerse en caso de sinistro de calquera falta, error, ou omisión na declaración por parte do asegurado sobre ditos riscos, salvo que exista unha manifesta conduta dolosa ou negligente por parte do asegurado.

DECIMO TERCEIRA.- RENUNCIA A RESCISIÓN DO CONTRATO EN CASO DE SINISTRO.

O asegurador renuncia a rescindir o contrato durante a súa vixencia, como consecuencia do acaecemento de un sinistro

DECIMO CUARTA.- CONFIDENCIALIDADE.

O asegurador deberá manter a confidencialidade dos datos que lle subministre o asegurado no cumprimento execución das condicións especiais previstas e non deberá utilizar dita información mais que para as finalidades específicas e especialmente delimitadas que se deriven da cobertura dos riscos.

Asemade deberá controlar o acceso información a que se fai referencia no parágrafo anterior no caso de que foran formalizados, nos términos previstos na Lei Orgánica 5/1992 de Regulación do Tratamento Automatizado de Datos de Carácter Persoal, no Real Decreto 1332/1994 que o desenvolva e demais disposicións legais aplicables.

DECIMO QUINTA.- CONTIDO DA PÓLIZA .

Formará parte integrante da póliza que se emita o presente Prego de Prescricións Técnicas, o Prego de Cláusulas administrativas así como as melloras que sendo ofertadas polo licitador, sexan aceptadas polo Tomador.